

Ara a Reve

09034801

Datos de Localización

Ara

Inmoble:	Inmoble indeterminado
Localización:	Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense
Coord. UTM	X: 60529388 Y: 465787246
Concello:	Xinzo de Limia
Parroquia:	XINZO DE LIMIA
Lugar:	Xinzo de Limia
Tipoloxía:	Epigrafía
Tipo:	Aras
Subtipo:	Ara
Denominación:	Ara a Reve



Características

Etaoa Histórica Alto Imperio Romano

Estilo:

Descrición:

Trátase dun ara erosionada en toda a superficie, sobre todo na parte superior da cabeceira e coa marca de dous dentes dunha pá escavadora en todo o largo do seu lateral esquerdo, afectando ás molduras. Presenta un capitel con un bocel. O dado epigráfico é sinxelo e liso polos lados e a traseira. O pé, traballado en liso e coa transición marcada por un bocel, está completo. Inscrición en seis liñas.

A inscrición ocupa toda a fronte do dado epigráfico., Cicelado, Capital cadrada, latín, Honorífica

REVE . A / MOAE / GO. ARC V N I I V. / SILVAN / VS . V . S . L . / M.

Segundo Fariña Busto e Xusto Rodríguez a lectura sería:

(REVE AMOAEAO ARC VN I I V SILVANVS V(otum) S(olvit) L(ibens) M(erito). *A Reve Amoego Arcunii, Silvano dedicou de bo grao este voto.*

A inscrición está disposta en sete liñas relativamente equilibradas, agás a final, co M da fórmula disposta no centro pero algo forzado na altura. As interposición son claras e están situadas a media altura das liñas. L1: 5,5; L2 e 3: 5; L4: 4,5; L5 e 6: 5; L7: 4; o espao interlinear é de 2 / 1,5 cm.)

Datación:

Autoría:

Materiais: Granito

Carac. Técnicas: Labrado

Alto: 91 cm.

Ancho: 41 cm.
Profundo: 40 cm.
Diámetro: 0 cm.
Perímetro: 0 cm.
Peso: 0 Kg.
Capacidade: 0

Xilófagos:

Perda Policromía

Perda Material:

Observacións: Foi atopada na esquina da rúa Padrón coa rúa Galicia, Xinzo de Limia , (Xinzo de Limia (Santa Mariña), nos alicerces do actual café bar Estévez en 1983. Foi ingresada no museo arqueolóxico grazas as xestións de Xosé Anxo Vázquez Uriaga.

Segundo o artigo 60 da Lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español, este moble está sometido ó réxime establecido para os Bens de Interese Cultural.

Bibliografía: RODRÍGUEZ COLMENERO, Antonio (1997): *Aquae Flaviae. I. Fontes epigráficas da Gallaecia meridional interior*, Cámara Municipal de Chaves, Chaves, Portugal, p. 139, nº 115

FARIÑA BUSTO, Francisco; XUSTO RODRÍGUEZ, Manuel (1995): "O ara de Xinzo e a súa contextualización arqueolóxica", *Boletín Auriense*, XXV, Ourense, 67

Documentación:

